

Cortes de tráfico por mor da celebración da última etapa de La Vuelta a España 2021

O domingo 5 de setembro as rúas da cidade polas que transcorrerá a carreira masculina quedarán **completamente pechadas ao tráfico** entre as 14.00 h e as 21.00 horas.

Rúas afectadas

AC-543 (Roxos. Rúa de Muros)
Avda. da Mestra Victoria Míguez
Estrada de San Lourenzo
Rúa de San Lourenzo
Rúa Poza de Bar
Rúa das Galeras
Rúa Domingo García-Sabell
Costa de San Francisco
Rúa de San Francisco
Praza do Obradoiro (META)

En todas estas rúas a circulación de vehículos quedará totalmente interrompida entre as horas indicadas. O tránsito peonil poderá realizarse na medida en que o permita o paso dos corredores, excepto na zona final (dende a estrada de San Lourenzo ata a praza do Obradoiro), tramo no que non poderá cruzarse a vía das 14.00 h ás 21.00 horas.

Desvíos alternativos

Toda a circulación que proceda da zona Noia-Bertamiráns deberá acceder a través da AG-56 e entrar á cidade pola Rocha ou AP-9 Castiñeiriño/San Lázaro.

A. Hospital Universitario:

Os vehículos procedentes da zona de Noia-Bertamiráns deberán entrar por AG-56 ata a saída da Rocha e acceder por Santa Marta ou rúa da Cantaleta. A zona norte deberá utilizar a SC-20 para entrar pola Avenida de Antón Fraguas e acceder por Santa Marta ou rúa da Cantaleta.

B. Urbanización de Brandía:

Os movementos de entrada á urbanización deberán ser antes das 14.00 horas, xa que despois será imposible acceder. O percorrido da carreira transcorre pola parte esquerda da avenida da Mestra Victoria Míguez e da rotonda, posibilitando a saída da urbanización en calquera momento do día pola rúa do Paseo do Esvedro cara á avenida de Xosé Filgueira Valverde.

C. Vidán:

As rúas da parte alta de Vidán (rúa de Vidán, Pereiro, Souto, Caraveis, Pozo e Bidueiro) poderán utilizar a rúa de Sarela de Abaixo ata o vial de Figueiras e dende aquí salvar o corte.

D. Zona do rueiro de Figueiriñas:

As rúas da Costa do Cano, Corredoira dos Muíños, Agro das Barreiras, rueiro de Figueiriñas, Toxeira de San Lourenzo e Ribeira de San Lourenzo, terán o acceso garantizado utilizando a rúa das Oblatas, Carme de Abaixo e Casas Novas para poder enlazar coa rúa Galeras e Vista Alegre.

Circuíto da carreira feminina

N-550
Vía Edison (polígono do Tambre)
Vía de la Cierva
Vía Nobel
Rúa da Ponte Romáño
Rúa de Torreira
Rúa do Avío
Rúa Vista Alegre
Rúa das Salvadas
Rúa do Morón
Rúa das Galeras
Rúa de Domingo García-Sabell
Rúa de San Francisco
Avda. de Xoán XXIII (META)

Estas rúas estarán cortadas das 12.30 h ás 13.30 horas aproximadamente.

Transporte urbano

Os cambios no transporte urbano poden consultarse na web www.tussa.org

O Concello de Santiago prega á cidadanía desculpe as molestias que estas alteracións lles poidan ocasionar.

Policía Local: 981 542 323
www.santiagodecompostela.gal

